DECRETO

En uso das facultades que me confire o artígo 21.1.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Visto o disposto no artígo 19.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, sobre a contratación de persoal temporal.

RESOLVO:

Aproba-las bases para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliares para o servicio de axuda no fogar , que se transcriben de seguido:

"BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO AUXILIARES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR UN PERIODO DE TRES ANOS.

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.
O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratación laborais temporais nos postos de traballo de auxiliar para o servizo de axuda no fogar.

2. - DURACIÓN DOS CONTRATOS.
Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Xunqueira de Ambía.

3.- SISTEMA DE PROVISION.
Concurso

4.- XORNADA LABORAL.
Será de 40 horas semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa ou a parte proporcional que se estableza en cada caso.

5. - RETRIBUCIÓNS.
As retribucións serán fixadas segundo o convenio aplicable.

6. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser de nacionalidade española, nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxuge dun español ou dun nacional dun Estado membro de Unión Europea non separado de dereito, ou extranxeiro con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c) Posuír permiso de conducción e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo concello.

d) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio (R.D. 331/1997) ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas a domicilio (R.D. 1379/2008, de 1 de agosto) polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos Socioculturais e á comunidade, Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria en institucións, ou título de Formación Profesional Regrada (Ciclo Medio) de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou calquera outra titulación homologada por institucións públics, que se recoñezan para a prestación deste servizo.

e) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

f) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas de fotocopia do DNI, do permiso de conducción e da documentación acreditativa dos méritos alegados.
As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Xunqueira de Ambía durante o prazo de 8 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

8.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por Resolución da Alcaldía.

9. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Sistema de selección: concurso.

1.- Experiencia laboral (máximo 40 puntos)
- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral, fixa ou temporal, ou funcionarial, de carreira ou interina, como auxiliar de axuda no fogar: 0,80 puntos, ata un máximo de 30 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados como auxiliar de axuda no fogar para institucións privadas: 0,40 puntos, ata un máximo de 10 puntos.

2.- Certificado de empadroamento (**máximo 1 punto**).

Será necesario presentar Informe de Vida Laboral, en tódolos puntos deste apartado, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que se acompañará de certificado do centro de traballo onde se prestaron os servizos (ou fotocopia dos contratos), especificando o tempo traballado, a categoría profesional e as funcións desenvolvidas no posto de traballo.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello. En caso de empate na puntuación obtida, confeccionarase a presente lista da bolsa de emprego por riguroso orden de entrada das solicitudes no rexistro do concello.
Será seleccionado/a aquel que obteña maior puntuación. As solicitudes que non superen os 0 puntos, quedarán automáticamente fóra da valoración.

No suposto de que o/a seleccionado/a non presente a documentación requirida ou ben renuncie ao posto obtido, a proposta de contratación efectuarase ó seguinte da lista de puntuación obtida; pasando o candidato/a a final da citada lista.

10.- FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

Unha vez transcurrido o prazo de presentación de solicitudes, reunirase a comisión seleccionadora, que tras efectuar a selección dos aspirantes, elevará proposta ao Alcalde. Este ditará Resolución aprobando a bolsa de traballo incluíndo nela aos aspirantes propostos, entrando en vigor inmediatamente.

11.- CHAMAMENTOS AOS ASPIRANTES.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.
Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a Traballadora Socail fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta. Os chamamentos faranse sempre respectando a orde de puntuación.

12.- SITUACIÓN NA BOLSA DE TRABALLO.

1. As persoas integrantes da Bolsa de Traballo que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto na base 11, non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, pasaran ao final da lista, independentemente da puntuación

obtida, a mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

13.- CONTRATACIÓNS.

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes para sustitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, vacacións, etc, e sexa imprescindible para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente.
Previamente ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención municipal.
Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da Bolsa de Traballo, o Alcalde por Resolución procederá a sua contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.
O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

14.- EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos tres anos a contar dende a data de aprobación das presentes bases por Resolución da Alcaldía. Poderá prorrogarse por causas debidamente xustificadas e motivadas.

15.- PUBLICIDADE.

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e do lugar no que poderán obterse as bases do proceso selectivo.
No taboleiro de anuncios do Concello publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

16.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, será de aplicación o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais normas de aplicación."

Ordénao, mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. José Luis Gavilanes Losada, en Xunqueira de Ambía a 6 de novembro de 2017

Diante miña,

O Alcalde-Presidente,

A Secretaria-Interventora,

Asdo: José Luis Gavilanes Losada

Asdo: Montserrat Casas Cabido.